

# OCULTOS

Textos de XULIO GUTIÉRREZ

Ilustracións de NICOLÁS FERNÁNDEZ

Encadernado en cartón. 24 x 34 cm. 32 páx. 16 €.

3º PREMIO NACIONAL AOS LIBROS MELLOR EDITADOS 2012  
(OBRAS XERAIS E DE DIVULGACIÓN)

**Ocultos** (galego)

ISBN 978-84-15250-41-8. Ciencia. Faktoría K de Libros.

**Ocultos** (castelán)

ISBN 978-84-15250-42-5. Ciencia. Faktoría K de Libros.

**Ocultos** (portugués)

ISBN 978-989-8205-92-6. Ciências. Faktoría K de Livros.


*Uns viven ocultos nos lugares máis recónditos do ecosistema,  
outros camúflanse co contorno, outros intentan parecer  
o que non son e todos son especialistas que conseguen  
sobrevivir enganando os seus depredadores  
ou as súas presas...*

Na natureza todo está en cambio perpetuo. As especies evolucionan mediante a selección natural para adaptarse ao ecosistema no que viven. Pero antes ou despois, o ecosistema tamén cambia e, como consecuencia, algunhas especies -antes moi ben adaptadas- son incapaces de sobrevivir no novo ambiente e acaban extinguíndose. Mentres, outras máis versátiles ocupan o seu lugar e comezan outra etapa de adaptación ás novas condicións.

Nos ecosistemas máis intrincados, como selvas e arrecifes de coral, proliferan animais que poden ocultarse na contorna. A evolución destas especies favoreceu a produción de adaptacións que lles permiten pasar desapercibidas.

“Ocultos” céntrase -cunhas soberbias ilustracións naturalistas- nalgúns dos máis espectaculares exemplos de camuflaxe e mimetismo.

Como en todos os títulos da serie *Animais extraordinarios*, a *Árbore da Vida* é o punto de partida do libro, que tamén amosa un esquema dos principais grupos do Reino Animal e datos sobre a localización, o hábitat e as habilidades físicas de cada especie, finalizando con fichas técnicas que indican o nivel de conservación no planeta e outras curiosidades.



■ **Temática:** libro de animais e natureza.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** da serie *Animais Extraordinarios*, con “[Bocas](#)”, “[Nacer](#)”, “[Ollos](#)”, “[Construtores](#)” e “[Viaxeiros](#)”; ilustracións de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición de cada animal, información da súa vida, hábitat e estado de conservación; inclúe anexo con fichas de cada un e glosario; lista de especies: xaguar, lebre ártica, preguiceiro, abetouro, camaleón, serpe falsa coral, ra frecha, solla, peixe sapo, insecto par e insecto folla, bolboreta do bidreiro, polbo.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ocultos-g>

## Xulio Gutiérrez

(Vigo, 1958)

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago, foi profesor de Ensino Secundario. Está vencellado a movementos de renovación pedagóxica e forma parte da Sociedade Galega de Educación Ambiental, Ensinantes de Ciencias de Galicia (ENCIGA) e Nova Escola Galega. É autor de máis dunha vintena de libros sobre natureza e numerosos artigos en revistas especializadas.

<https://xuliogutierrez.wordpress.com>

## Nicolás Fernández

(Madrid, 1965)

Ilustrador autodidacta afincado na Coruña. A maioría das súas obras son acuarelas e bosquejos de fauna e de flora, especialmente aves. É autor de varias publicacións, ademais de traballar como ilustrador para organismos oficiais, xornais, enciclopedias, libros e revistas. Os seus traballos expuxéronse en salas de toda España. Compaxina a súa faceta como ilustrador co deseño gráfico e multimedia nunha empresa de xestión ambiental.

[www.ilustracionesnaturaleza.com](http://www.ilustracionesnaturaleza.com)

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com